

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, 30 DE SETEMBRO DE 2015**

LUGAR: Sala de xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA:30 de setembro de 2015

HORA DE COMEZO: 11:05 horas

HORA DE REMATE: 13:35 horas

### **ASISTENTES**

Ricardo Cao Abad, vicerreitor de investigación e transferencia e presidente da Comisión

José Pérez Sestelo, director do SAI

José María Aguiar Paz

Andrés de Blas Varela

Jordi Delgado

Gerardo Fernández Martínez

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

José Manuel López Vilarriño

Andrés Martínez Lage

Soledad Muniategui Lorenzo

Carlos Peinador (en representación de Marcos Daniel García Romero)

Arturo Santaballa (en representación de Pilar Rodríguez Barro)

Julián Yañez

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe do Presidente
3. Informe do Director
4. Renovación dos membros da comisión
5. Rolda aberta de intervencións

## **DELIBERACIÓNS**

Jordi Delgado solicita que se faga unha folia de firmas, acórdase que de agora en adiante farase dita folia. A folia de firmas aparece recollida no anexo I.

### ***Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR***

A acta apróbase por unanimidade.

### ***Punto 2º. INFORME DO PRESIDENTE***

O presidente informa do cambio na dirección do SAI, agradece o traballo desenvolvido por o anterior director, Óscar Cabeza Gras e dálle a benvinda a José Pérez Sestelo ao cargo. Tamén informa do cambio no responsable de calidade do SAI, posto que agora ocupa Jorge Otero Canabal.

Recibiuse un informe do Valedor pola queixa dun membro da comisión de usuarios por non cumprirse o regulamento en relación coa convocatoria da comisión de usuarios na anualidade 2014. Informa que con data 23 de xullo dáselle unha resposta consistente en:

1. Pídese desculpas por non cumprirse o regulamento.
2. Pídese desculpas polo retraso en responder o requirimento debido aos cambios na dirección do SAI.
3. Trasláselle a data da nova convocatoria.

#### **2.1. Persoal**

As negociacións para a modificación da RPT entre xerencia e sindicatos paráronse a petición dos sindicatos polas eleccións sindicais, polo que non está prevista unha nova RPT a curto prazo.

A través dun convenio de coa Xunta de Galicia a finais do 2014 financiáronse 2 contratos para o SAI que finalizarán en outubro de 2016, cando remata o período de xustificación de gasto.

#### **2.2. Infraestrutura**

Na convocatoria FEDER resolta a finais de 2014 concedéronse 2 equipos ao SAI:

- Espectrómetro de masas de sector magnético encaixado con cromatografía de gases.
- Equipo de resonancia magnética nuclear para mostras líquidas e semi-sólidas.

O cofinanciamento requirido acadouse a través dun convenio con la Xunta de Galicia. Sen embargo a Universidade adiantou o importe do cofinanciamento xa que a compra se debe executar antes do remate de 2015.

### **Punto 3º. INFORME DO DIRECTOR**

O novo director tras agradecer o seu nomeamento, presenta a memoria do SAI ano 2014. Indica que esta memoria atópase dispoñible na páxina web dos SAI.

#### **3.1. Resultados**

Expón que en relación coa anualidade 2013, no 2014 prodúcese un descenso no número de mostras e facturación, probablemente relacionado coa redución de fondos destinados a investigación. En xeral os usuarios A representan a maioría, salvo en UAE e UTC con maioría de tipo C e UTIA, con maioría de B. A facturación dos usuarios tipo C representa a metade dos ingresos dos SAI.

Con respecto ás enquisas de satisfacción, sinala unha participación do 16%. Agora mesmo se está traballando nas enquisas do ano 2015. A evolución dos resultados é satisfactoria con valoracións e todos os ítems ente 5 e 6. Por unidades os resultados tamén son bos xa que case todos os resultados están por encima de 5 sobre 6.

#### **3.2. Cursos de formación**

Na actualidade os cursos que se ofertan son impartidos tanto polos técnicos dos SAI como persoal externo ao SAI.

O director quere traballar con máis profundidade este tema e contar coa Comisión de Usuarios para planificar unha oferta de cursos atractiva.

#### **3.3. Xestión de calidade**

O director informa do cambio de responsable de calidade e que o novo responsable desde o 27/04/2015 é Jorge Otero Canabal, técnico superior da unidade de espectrometría de masas.

Os obxectivos de calidade son:

1. Incremento no número de ensaios e acreditación de novos ensaios.  
Solicitar o rexistro dos SAI e a UDC como entidade colaboradora coa administración hidráulica, ECAH (xa se presentou a solicitude).
2. Actualización e mellora do equipamento, xa que algúns equipos xa entraron en obsolescencia.

3. Mellora do sistema de xestión de calidade. O sistema xeral está anticuado, para solucionalo se elaborará un novo xeral ou se elaborará un manual de calidade propio para os SAI.
4. Renovouse a certificación ISO 9001 ata xaneiro de 2017. No 2015 fíxose unha auditoría de seguemento e estase a traballar para corrixir as non conformidades para a seguinte auditoría externa, que terá lugar en xaneiro de 2016.
5. Ensaio acreditado ISO 17025. Incorporouse un novo ensaio acreditado que é a determinación da área superficial específica mediante adsorción de gas utilizando o método BET. Ademais ampliouse o alcance do ensaio acreditado de dioxinas e dl-PCBs coa inclusión cos PCBs indicadores e do ensaio de metais en auga continental coa incorporación de Ba, Mn, Fe, Co e Sr.

### **3.4. Equipamento**

En datas recentes fíxose a adxudicación de dous equipos novos, un espectrómetro de masas de sector magnético acoplado a cromatografía de gases e un RMN de 400 MHz. O espectrómetro de masas xa está instalado e pendente da sinatura da recepción. O RMN está pendente de entrega (prazo de 90 días desde a adxudicación) e recepcionarase nesta anualidade.

Estase a traballar nos seguintes contratos de mantemento:

- Contrato de equipos ThermoScientific, que abrangue preto de 30 equipos e cun importe aproximado de 200.000 euros/ano.
- Contrato AB Sciex.
- Contrato de mantemento de equipamento científico (actualmente da empresa AGENOR). O director manifesta o seu interese en coñecer a opinión dos membros da comisión sobre estes servizos na rolda aberta de intervencións.

### **3.5. Tarifas**

Estase a traballar nas novas tarifas para o ano 2016 e se presentarán na seguinte comisión de usuarios que terá lugar ao principio de decembro de 2015. O motivo do retraso é que se van incorporar novos equipos e novos ensaios. Estas tarifas recollerán eses novos conceptos que se ofertarán a partir do ano 2016.

### **3.6. Persoal**

Durante o ano 2014 obtívose unha praza no plan de Persoal Técnico de Apoio (PTA) do MINECO. Tamén se lle concedeu aos SAI unha beca-contrato do Plan de Empleo Juvenil.

A continuación establécese un diálogo sobre as enquisas. Andrés Martínez pregunta sobre a quen van dirixidas, o VIT cre que é aos usuarios, e Gerardo cre que tamén aos autorizados, aínda que non se está seguro. José Manuel L. Vilariño cre que a porcentaxe de participación está na liña doutras enquisas masivas. O director di que, aínda que a participación é tan boa coma noutras enquisas da UDC, canta maior sexa a participación menor será o sesgo.

Soledad Muniategui expón que, para ela, o obxectivo principal máis que incrementar as técnicas ofertadas é manter as acreditacións.

#### ***Punto 4º. RENOVACIÓN DA COMISIÓN DE USUARIOS***

O director expón que este é un tema tratado en anteriores reunións da comisión e lee o punto do regulamento sobre a composición da comisión, que estaría formada por: o vicerreitor/a de investigación (presidente), o director/a do SAI (vicepresidente), 3 representantes do persoal e ao menos 1 representante dos usuarios por cada unidade. De entre estas persoas se nomeará un secretario.

Tamén comenta que os representantes o serán por un período máximo de 4 anos, que deberán estar relacionados coa unidade e ademais deben ser representativos dos usuarios dela.

Comunica que solicitou información ás unidades sobre os usuarios máis frecuentes. A súa proposta é facer reunións cos usuarios principais e nesa reunión que se propoña un representante para a unidade. Con esas propostas comprobarase a representatividade con respecto a todos os usuarios e se levará a proposta a comisión de investigación.

Jordi Delgado lembra que na reunión anterior se propuxo modificar o regulamento do SAI para que o procedemento de renovación sexa máis claro, e que agora non toca a renovación se non modificar dito punto de regulamento.

Establécese un intercambio de opinións no que interveñen o vicerreitor de investigación, o director do SAI, Andrés de Blas, Jordi Delgado e José Manuel L. Vilariño, Carlos Peinador, Gerardo Fernández e Soledad Muniategui sobre establecer a prioridade entre a renovación dos membros da comisión e a elaboración dun procedemento de renovación. Tamén se debate sobre a representatividade das áreas na comisión e a vixencia do regulamento e a súa posible obsolescencia con respecto a realidade actual do SAI.

Acórdase elaborar un procedemento de elección dos representantes na comisión de usuario e levalo á seguinte comisión para a súa aprobación. Jordi Delgado expón que el cre que nesa reunión o procedemento ten que ser debatido antes da súa aprobación.

#### ***Punto 5º. ROLDA ABERTA DE INTERVENCIONES***

Andrés de Blas comenta que na súa opinión o funcionamento do Servizo de Mantemento da Universidade non é correcto, xa que non son capaces de solucionar avarias complicadas. Gerardo

Fernández pensa que o persoal dese servizo non ten a cualificación suficiente para realizar algunhas actuacións que ofertan e que se debían de sacar dese contrato as grandes infraestruturas. O vicerreitor pregunta se hai duplicidade nos contratos e Gerardo di que si. Establécese un intercambio de opinións no que participan Soledad Muniategui, Gerardo Fernández e o director do SAI sobre ata onde debe abranguer o contrato, se é útil que todos os equipos sen contrato deben estar dentro dese contrato ou o contrato de mantemento ten que ser mais pequeno e deixar diñeiro para outros contratos.

Andrés de Blas quere lembrar que noutras reunión xa solicitou a gratuidade dos cursos organizados polo SAI para o PDI.

Tamén lembra a situación da técnica de difracción de raios X. Expón que falou cos usuarios e hai varias visións. Algúns cren que funciona mellor, outros que a situación segue igual e outros decidiron enviar as mostras á USC grazas a un acordo da anterior dirección pola que se aplica a tarifa A. Cre que a situación non é razoable e que se debe resolver e que ademais esta situación se reflicte nas enquisas.

Finalmente solicita que se busque financiamento para as análises que se realizan nos traballos de fin de grao.

O director do SAI explica que os cursos de formación son necesarios para os técnicos. Actualmente hai problemas para facer un calendario e ademais un problema económico. A recadación destínase principalmente para pagar ao profesor, poderíase baixar a tarifa suprimindo os pagos aos profesores que son membros da UDC.

Con respecto ao servizo de difracción de raios X o director afirma que o problema se centra no monocristal, que sería necesario mellorar a formación do persoal e que esta semana o técnico superior encóntrase en Castellón recibindo un curso. Asemade manifesta que a valoración dos servizos de esta unidade son muy variables. Nas enquisas se recollen tanto valoracións de 0 como de 6.

Con respecto aos traballos fin de grao non pode dicir mais que oxalá crecesen os orzamentos.

Julián Yañez quere saber os resultados das enquisas dos curso que se realizaron o ano pasado. O director comenta que en xeral as valoracións son positivas aínda que hai comentarios sobre a extensión do curso ou a súa intensidade. Tamén se quere cambiar o procedemento para que sexa unha avaliación on-line.

Soledad Muniategui fai unha consulta sobre o contrato de Thermo con respecto a se se vai a manter a mesma cobertura para o mesmo equipamento e fai un chamamento ao vicerreitor de investigación e ao director para que aos SAI non lles falten os contratos de mantemento específicos. Gerardo Fernández lembra o gran esforzo que fai a UDC para manter estes contratos e o director lembra que o esforzo non se fai soamente para o equipamento do SAI se non para os equipos que están no IUMA. Soledad Muniategui sinala que este equipamento é complementario

ao do SAI, adquirido con financiamento FEDER e que o cofinanciamento foi aportado polo grupo de química analítica aplicada.

José María Aguiar fai unha petición en nome da secretaria técnica da UCLA solicitando máis persoal para dita unidade e pide o apoio da Comisión de Usuarios para esa petición. O director informa que se trasladou a queixa ao xerente, pero por agora non hai solución. Está pendente a incorporación do técnico do MINECO para ver se o seu perfil se pode axeitar a labores administrativas.

O director le o escrito que presentou o profesor Arturo Santaballa e que pediu que se inclúa no acta (ver anexo II), no que se presenta unha queixa por non atenderse a solicitude de compra de u espectrómetro RAMAN e outro ERS-EPR a pesar de que presentaron presupostos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión da Comisión de Usuarios sendo as 13:35 horas do 30 de setembro de 2015.










A secretaria





Visto e prace  
O director do SAI

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Jose Pérez Sestelo

COMISIÓN USUARIOS SAI 30/09/2015

<u>NOME</u>	<u>SINATURA</u>
Ricardo Cao Abad	
Gerardo Fernandez Olzines	
Verónica Fdez. Vilela Meneses	
JOSE MARIA AGUIAR PAZ	
ANDRES M. DE BLAS VERDAD	
J. Arturo SANTA BARRA L	
CARLOS PEINADOR VEIRA	
JORDI DOLGADO MARTIN	
Jose' Perez Serbelo	

<u>NOME</u>	<u>SINATURA</u>
Andrés Martínez Lye	
Juhani Parra	
SOLEDAD MUMISPEGI	
JOSÉ M. LÓPEZ VILARINO	

~~Como sabes, ya en distintas ocasiones te comenté que en~~ <sup>EN</sup> diversas convocatorias de infraestructuras, desde hace años, hemos solicitado, en varios casos con apoyo de diversos grupos de investigación (todo ello debe constar en la dirección de los SAI) la adquisición de dos sistemas que no tenemos disponibles en la UDC para ningún grupo de investigación, y de los que se podrían beneficiar varios grupos en sus proyectos de investigación. Por ejemplo:

- Espectrómetro Raman.
- Espectrómetro ESR / EPR.

Como he indicado, ya en su momento ~~aporté~~ <sup>SE APORTARON</sup> presupuestos y especificaciones técnicas de diversos equipos de este tipo.

Sistemáticamente, ninguna de las peticiones realizadas han sido atendidas, ni <sup>SE</sup> he recibido ningún tipo de indicación al respecto. ~~Creo que~~ <sup>A</sup> ambos sistemas serían útiles y beneficiosos, y que incluso se les podría sacar rendimiento en forma de servicio a usuarios externos.

En paralelo, hemos visto cómo determinados equipos y técnicas ya disponibles en los SAI y cuyo uso es relativamente limitado, se han ido multiplicando. Sin ánimo de entrar en polémicas, <sup>CREEMOS</sup> ~~creo~~ que es hora de corregir este rumbo y de comenzar a poner a disposición nuevas técnicas. Creo que esto merece una reflexión muy seria por parte de la Comisión de los SAI.

PARA QUE CONSTE EN ACTA EN  
ROLDA ABERTA DE INTERVENCIONS  
ARTURO SANTABAUJA